



Emilio Lago
Xerente
Lago Aves



// Sector
Agroalimentario



// Localización
Pontevedra



// Ano de constitución
1986



// N° empregados
+40

// Descrición da empresa

Comezou sendo unha empresa distribuidora de produtos avícolas pero, a partir do ano 1995, iniciaron a súa actividade produtiva impulsada pola construción das súas novas instalacións. Deste xeito, automatizaron os seus procesos e, posteriormente, crearon a súa liña de produtos elaborados.

Actualmente conta co apoio da Consellería de Economía, Emprego e Industria para desenvolver un investimento de máis de 450 000 euros no eido 4.0, que está destinado a implantar innovadoras tecnoloxías de sensorización avanzada para optimizar os seus procesos aprofundando na robotización.

"Este servizo supuxo para nós unha mellora do noso proceso produtivo"

Emilio Lago. Xerente de Lago Aves

// Descrición do proxecto

Lago Aves contaba cunha longa traxectoria no eido agroalimentario; porén, a pesar de dispoñer de varias liñas de negocio, detectou a necesidade de optimizar os seus procesos produtivos para dar resposta ás novas necesidades das persoas consumidoras. Este foi o principal motivo de solicitar o programa Re-acciona.

Durante a realización do servizo obtiveron unha nova visión, alguén que lles axudou a que os seus procesos melloraran dalgunha forma. Os beneficios directos que conseguiron durante a execución do proxecto supuxeron un progreso na súa produción, que pasou a facerse dunha maneira máis lóxica. En canto aos indirectos, traducíronse nunha nova forma de pensar no que respecta a como se debe producir e non dar todo por feito, senón facerse sempre unha nova pregunta.






// O resultado

A clave do éxito deste proxecto baseouse nos seguintes piares: un equipo proactivo e que sempre está disposto a innovar e loitar para mellorar no día a día; unha cultura da empresa na que todo o mundo participa coas súas ideas e coas súas opinións; e, por último, o labor do axente colaborador posto polo Igape, que non só mellorou o sistema de produción senón que tamén achegou ideas e unha nova forma de pensar.

Como resultado, obtiveron unha nova visión do proceso produtivo, que axudou a progresar para satisfacer as necesidades da clientela que cada día demanda produtos máis innovadores e sofisticados. En consecuencia, conseguiron establecer unha forma de producir máis lóxica, que mellorou a súa produción substancialmente.

“O servizo Re-acciona supuxo para a empresa unha mellora do noso proceso produtivo e unha nova forma de pensar sobre como debemos producir”

Emilio Lago
Xerente de Lago Aves



// Web
<https://lago-aves.com>



// Vídeo
Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.